

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

*EXTRACTO da Orde do 28 de xullo de 2023 pola que se procede á segunda convocatoria do ano 2023 para a concesión de subvencións, plurianuais e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable (código de procedemento DE401C).*

BDNS (Identif.): 711407.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarios destas subvencións os concellos de Galicia que, con carácter previo á resolución de concesión da axuda, teñan as súas instalacións deportivas inscritas no Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto proceder á segunda convocatoria do ano 2023 para a concesión de subvencións, plurianuais e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable (código de procedemento DE401C).

Quedan excluídas as actuacións de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións deportivas.

Terceiro. *Bases reguladoras*

As bases reguladoras polas cales se rexerá esta convocatoria son as aprobadas a través da Orde do 21 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, de



carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable, e se procede á súa convocatoria para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento DE401C), que se publicou no DOG núm. 60, do 27 de marzo.

Cuarto. *Importe*

Para conceder estas subvencións destinaranse 2.003.200,38. € con cargo á aplicación orzamentaria 06.02.441A.760.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Na anualidade 2023 destinaranse 1.100.000,00 € e na anualidade 2024 destinaranse 903.200,38 €.

Quinto. *Prazo para presentar as solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2023

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

